



ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS. (EXP CON2/15-NSO, EXP CON3/15-NSO e EXP CON4/15-NSO)

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, de data 20 de Novembro de 2015, procedeuse á corrección de erros materiais detectados nos pregos de cláusulas administrativas que rexen na contratación da subministración dun (1) equipo de excarceración e de tres (3) equipos de rescate en altura, con destino aos parques de bombeiros de Barreiros, Vilalba e Viveiro (EXP CON2/SU15-NSO), na subministración de material de rescate en excarceracións, de rescate en altura e subsolo, e doutro material de intervención, con destino aos parques de bombeiros de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (EXP CON3/SU15-NSO), e na subministración de diverso material de dotación complementaria, con destino aos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, aos efectos de completar dotación existente (EXP CON4/SU15-NSO), cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional “FEDER” no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007 – 2013. Eixe 3. PRIORIDADE 53., nos seguintes termos:

1. Na cláusula vixésimo sexta do prego de cláusulas administrativas:

Onde di

“O prazo de garantía dos bens subministrados se establece, como mínimo nun ano ...”

Debe dicir

“O prazo de garantía dos bens subministrados se establece, como mínimo en dous anos ...”

2. Na cláusula décimo segunda, Anexo 3º, nota primeira e única, do prego de cláusulas administrativas:

Onde di

“(1) Suma do prazo dun ano inicial máis o proposto de ampliación.”

Debe dicir

“(1) Suma do prazo de dous anos inicial máis o proposto de ampliación.”

Lugo, 24 de novembro de 2015

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero